

Expediente	2025006311
Asunto	Solicitud de acceso a información *****
Trámite	Resolución presidencial de acceso a información pública

O deputado delegado de Administración Xeral, en virtude das competencias delegadas pola Presidencia en materia de Transparencia, dita a seguinte **RESOLUCIÓN**:

Que con data 3 de marzo de 2025 ***** presentaba unha solicitude de acceso a información pública co seguinte alcance: "Creo que para solicitar un puesto de segunda actividad hay que estar trabajando en la administración. Creo que hasta ahí todos los que hemos trabajado en la administración llegamos a esa conclusión. Pero por si no se entiende la información me refiero durante el periodo laboral de las citadas personas puesto que han solicitado un puesto de segunda actividad. que prepararan o no la oposición para ocupar dicha plaza no es de mi incumbencia ni va sobre eso. ya que el departamento que lleva ese tema es Inspección Médica junto con Recursos Humanos".

Que analizado o contido da solicitude por parte da Unidade Responsable de Transparencia cómpre indicar que a devandita solicitude ten orixe nunha precedente do 10 de febreiro de 2025 na que se solicitaba información pública co seguinte alcance: "Solicito información pública: Gracias por la aclaración de la resolución que aparece en mi Informe de Incapacidad Permanente y ya estoy enterado puesto que me lo han indicado en la Seguridad Social y cuando me anoté en el SEPE, FUNDACIÓN ONCE y COGAMI. En la Diputación existen funcionarios y funcionarias y gente contratada que está con puesto de segunda actividad porque no podía desempeñar el puesto tal como indica mi resolución. Otro ejemplo que hubo fue de una persona que estuvo en el Servicio de Arquitectura de mantenimiento y que pasó a Medio Natural. Esos son los puestos que me refiero y solicito. Y simplemente se me da la contestación al informe de la Seguridad Social y de la resolución de la extinción del puesto de funcionario", que se resolvía dando acceso a un informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos.

A Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (LTAIBG), no seu artigo 12, establece que todas as persoas teñen dereito a acceder á información pública, nos termos previstos no artigo 105.b) da Constitución Española, recoñecendo así a titularidade do dereito de acceso a "todas as persoas" en termos similares aos expresados no citado artigo 105.b) da CE, que recoñece a "os cidadáns" o acceso aos arquivos e rexistros administrativos.

Pola súa banda, a información pública, é definida no artigo 13 da mesma norma, como "os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación deste título e que fosen elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións". Por tanto, a Lei define o obxecto dunha solicitude de acceso á información en relación a información que xa existe, por canto está en posesión do Organismo que recibe a solicitude, ben porque a elaborou este ou ben porque a obtivo no exercicio das funcións e competencias que ten encomendadas.

Analizado o contido da solicitude por parte da Unidade Responsable de Transparencia, debemos indicar que esta non se orienta a unha información preexistente ou documentada, se non que materialmente ten por obxecto unha consulta ou un informe *ad hoc*.

Por todo o exposto, a proposta da Unidade Responsable de Transparencia desta Deputación, e en atención ao disposto na Resolución Presidencial nº 2024000361, do 20 de xaneiro de 2025, de delegación das atribucións da Presidencia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- INADMITIR a solicitude de acceso a información pública presentada por *****

segundo o previsto no artigo 18.1.c) e e) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, en atención á incompatibilidade da solicitude coa finalidade da normativa de transparencia.

SEGUNDO.- Ordenar a publicación da presente resolución na sección de Transparencia accesible no portal web institucional www.depo.gal, unha vez anonimizados os datos de carácter persoal da persoa solicitante.

En Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica.

Fronte a esta resolución, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Comisión de Transparencia e Bo Goberno de Galicia, con carácter potestativo e previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

